



## Dirección Xeral de Formación Profesional

# Probas para a obtención de habilitacións profesionais e carnés profesionais

## Convocatoria 2024

## Nota informativa

Versión 1 (Actualizado 17/02/2024)



## Índice

---

1	Introdución.....	3
2	Especialidades que se convocan.....	3
	2.1. Especialidades obxecto de exame na primeira convocatoria.....	3
	2.2. Especialidades obxecto de exame na segunda convocatoria.....	3
3	Requisitos que deben cumprir as persoas aspirantes.....	4
4	Solicitudes.....	4
5	Prazo e lugar de presentación de solicitudes.....	4
6	Datas dos exames.....	4
7	Material permitido para a realización da segunda parte da proba.....	5
8	Máis información por especialidades.....	6
	Carnés profesionais.....	6
	Habilitacións profesionais.....	8
	Habilitacións profesionais: certificacións persoais para a manipulación de gases fluorados.....	10
9	Estrutura dos exames.....	12
10	Contidos dos exames.....	14

## 1 Introducción

---

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a través da Dirección Xeral de Formación Profesional, publica no Diario Oficial de Galicia a convocatoria dos exames para a obtención de habilitacións profesionais e carnés profesionais.

## 2 Especialidades que se convocan

---

### 2.1. Especialidades obxecto de exame na primeira convocatoria

- Carnés profesionais:
  - Carné profesional de operador/ora de guindastre torre.
  - Carné profesional de operador/ora de guindastre móbil autopropulsado, categoría A.
  - Carné profesional de operador/ora de guindastre móbil autopropulsado, categoría B.
- Habilitacións profesionais:
  - Operador/a industrial de caldeiras.

### 2.2. Especialidades obxecto de exame na segunda convocatoria

- Carnés profesionais:
  - Carné profesional en instalacións térmicas de edificios.
  - Carné profesional de operador/ora de guindastre torre.
  - Carné profesional de operador/ora de guindastre móbil autopropulsado, categoría A.
  - Carné profesional de operador/ora de guindastre móbil autopropulsado, categoría B.
- Habilitacións profesionais:
  - Operador/a industrial de caldeiras.
  - Instalador/a de gas, categoría A.
  - Instalador/a de gas, categoría B.
  - Instalador/a de gas, categoría C.
  - Instalador/a de produtos petrolíferos líquidos, categoría I.
  - Instalador/a de produtos petrolíferos líquidos, categoría II.
  - Reparador/a de produtos petrolíferos líquidos, categoría III.
  - Manipulador/a de equipamentos con sistemas frigoríficos de calquera carga de refrixerantes fluorados.
  - Manipulador/a de equipamentos con sistemas frigoríficos de carga de refrixerante inferior a tres quilogramos de gases fluorados.
  - Manipulador/a de equipamentos de transporte refrixerado de mercadorías de calquera carga de refrixerantes fluorados.
  - Manipulador/a de equipamentos de transporte refrixerado de mercadorías que empreguen menos de tres quilogramos de refrixerantes fluorados.

### 3 Requisitos que deben cumprir as persoas aspirantes

---

Para seren admitidas á realización das probas, as persoas aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

Estar en idade legal laboral ou ter cumprida a idade mínima que, de ser o caso, poida esixir a normativa sectorial correspondente.

Cumprir os requisitos específicos que para cada especialidade se establezan na normativa.

### 4 Solicitudes

---

As persoas aspirantes deberán solicitar a súa admisión ás probas mediante solicitude, segundo o modelo que figura no anexo I (código de procedemento ED527A) da orde que regula o acceso as probas. No caso de teren interese na obtención de máis dun carné profesional ou habilitación profesional presentarán unha solicitude por cada un deles, xunto coa correspondente documentación xustificativa. O modelo de solicitude estará dispoñible na Guía de Procedementos e Servizos da Xunta de Galicia no enderezo web <https://sede.xunta.gal> e na páxina web <http://www.edu.xunta.gal/fp>.

Xunto coa solicitude deberase presentar o xustificante para a Administración do impreso correspondente de autoliquidación de taxas (importe de 41,59 euros) validado pola entidade bancaria onde se realice o ingreso. Este pagamento tamén poderá efectuarse de xeito telemático.

En ambos casos é obrigatorio enviar o documento xustificativo de ter efectuado o pagamento.

### 5 Prazo e lugar de presentación de solicitudes

---

Para a convocatoria ordinaria o prazo de presentación de solicitudes será desde o día 26 de febreiro ao día 11 de marzo de 2024, ambos os dous incluídos.

Para a convocatoria extraordinaria o prazo de presentación de solicitudes será desde o día 17 de xuño ao día 1 de xullo de 2024, ambos os dous incluídos.

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

As solicitudes irán dirixidas á Dirección Xeral de Formación Profesional.

### 6 Datas dos exames

---

Os exames da convocatoria ordinaria non se realizarán antes do 17 de abril de 2024 e os da convocatoria extraordinaria non antes do 2 de outubro de 2024.

## 7 Material permitido para a realización da segunda parte da proba

---

Os tribunais das distintas especialidades comunicarán a relación do material de consulta permitido, de ser o caso, para o desenvolvemento da segunda parte da proba a través da páxina web <http://www.edu.xunta.gal/fp/>. A consulta deste material durante a realización da proba non é obrigatoria, senón que se permite a súa consulta como un recurso adicional de apoio.

No suposto práctico escrito, cumprirá que se desenvolva o conxunto ou secuencia de operacións ordenadas que dan lugar ao resultado final, ou a xustificación razoada da resposta se se require na cuestión algún argumento de reflexión, en caso contrario, non se puntuará o exercicio.

## 8 Desenvolvemento para parte práctica das probas de operador/a de guindastre torre autopropulsado.

---

**Como novidade respecto a anteriores convocatorias**, nas probas a realizar no 2024 para a obtención do carné profesional de operador/a de guindastre torre a segunda parte consistirá nunha proba de demostración real de destreza na manobra e na operación co guindastre baixo as instrucións e as indicacións especificadas polo tribunal. Esta proba poderá ademais levarse a cabo nunha xornada distinta da primeira parte.

## 9 Máis información por especialidades

### Carnés profesionais

Especialidade	Requisitos para presentarse ao exame	Requisitos para a obtención directa do carné	Normativa que o regula
<b>Carné profesional en instalacións térmicas de edificios</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Ser maior de 18 anos</li> <li>▪ Cumprir as seguintes condicións: <ul style="list-style-type: none"> <li>– Ter recibido e superado un curso teórico e práctico de coñecementos básicos e outro sobre coñecementos específicos en instalacións térmicas en edificios, impartido por unha entidade recoñecida polo órgano competente da comunidade autónoma, coa duración e o contido indicados nos apartados 3.1 e 3.2 do apéndice 3 (Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o regulamento de instalacións térmicas nos edificios).</li> <li>– Acreditar unha experiencia laboral de, polo menos, tres anos nunha empresa instaladora ou mantedora (RITE) como técnico/a.</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Ser maior de 18 anos.</li> <li>▪ Dispor dun título universitario cuxo plan de estudos cubra as materias obxecto do regulamento.</li> <li>▪ Dispor dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais cuxo ámbito competencial coincida coas materias obxecto do regulamento.</li> <li>▪ Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral, de acordo co estipulado no Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, nas materias obxecto do regulamento.</li> <li>▪ Posuír unha certificación outorgada por entidade acreditada para a certificación de persoas, segundo o establecido no Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro, que inclúa como mínimo os contidos deste regulamento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o regulamento de instalacións térmicas nos edificios (RITE) (consultar as correccións de erros).</li> <li>▪ Real decreto 1826/2009, do 27 de novembro, polo que se modifica o Regulamento de instalacións térmicas nos edificios, aprobado polo Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo. (consultar as correccións de erros).</li> <li>▪ Real decreto 249/2010, do 5 de marzo, polo que se adaptan determinadas disposicións en materia de enerxía e minas ao disposto na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e ao seu exercicio, e a Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.</li> <li>▪ Real decreto 238/2013, do 5 de abril, polo que se modifican determinados artigos e instrucións técnicas do Regulamento de instalacións térmicas nos edificios, aprobado polo Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo. (consultar as correccións de erros).</li> <li>▪ Real Decreto 56/2016, de 12 de febreiro, polo que se traspón a Directiva 2012/27/UE do Parlamento Europeo y del Consejo, do 25 de outubro de 2012, relativa á eficiencia enerxética, no referente a auditorías enerxéticas, acreditación de provedores de servizos e auditores enerxéticos e promoción da eficiencia da subministración de enerxía.</li> <li>▪ Real Decreto 647/2020 do 7 de xullo polo que se regulan aspectos necesarios para a implementación dos códigos de rede de conexión de instalacións.</li> </ul>

<p><b>Carné profesional de operador/ora de guindastre torre</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Ser maior de 18 anos.</li> <li>▪ Dispor do título de graduado/a en educación secundaria obrigatoria ou titulación declarada equivalente*.</li> <li>▪ A superación dun curso teórico-práctico impartido por unha entidade acreditada.</li> <li>▪ Superar un exame médico sobre agudeza visual, sentido da orientación, equilibrio e agudeza auditiva e aptitudes psicolóxicas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Dispor dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, cuxo ámbito competencial coincida coas materias obxecto do regulamento de aparellos de elevación e manutención, e da instrución técnica complementaria «MIE-AEM-2».</li> <li>▪ Superar un exame médico sobre agudeza visual, sentido da orientación, equilibrio e agudeza auditiva e aptitudes psicolóxicas.</li> <li>▪ <b>Na actualidade non existe ningunha titulación que permita a obtención directa deste carné.</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Real decreto 836/2003, do 27 de xuño, polo que se aproba unha nova instrución técnica complementaria «MIE-AEM-2» do regulamento de aparellos de elevación e manutención, referente a guindastres torre para obras e outras aplicacións.</li> <li>▪ Real decreto 560/2010, do 7 de maio, polo que se modifican diversas normas regulamentarias en materia de seguridade industrial.</li> <li>▪ Real decreto 542/2020 do 26 de maio polo que se modifican e derrogan diferentes disposicións en materia de calidade e seguridade industrial.</li> </ul>
---	---	---	--

Especialidade	Requisitos para presentarse ao exame	Requisitos para a obtención directa do carné	Normativa que o regula
<p><b>Carné profesional de operador/a de guindastre móbil autopropulsado, categorías A e B</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Ser maior de 18 anos.</li> <li>▪ Dispor do título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou titulación declarada equivalente*.</li> <li>▪ A superación dun curso teórico-práctico impartido por unha entidade acreditada.</li> <li>▪ Superar un exame médico, psicotécnico e físico, específico para este tipo de actividades, que inclúe exame sobre agudeza visual, sentido da orientación, equilibrio e agudeza auditiva.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Dispor dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, cuxo ámbito competencial coincida coas materias obxecto do regulamento de aparellos de elevación e manutención destes, e da instrución técnica complementaria «MIE-AEM-4».</li> <li>▪ Superar un exame médico, psicotécnico e físico, específico para este tipo de actividades, que inclúe exame sobre agudeza visual, sentido da orientación, equilibrio e agudeza auditiva.</li> <li>▪ <b>Na actualidade non existe ningunha titulación que permita a obtención directa deste carné.</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Real decreto 837/2003, do 27 de xuño, polo que se aproba o novo texto modificado e refundido da instrución técnica complementaria «MIE-AEM-4» do regulamento de aparellos de elevación e manutención, referente a guindastres móbiles autopropulsados.</li> <li>▪ Real decreto 560/2010, do 7 de maio, polo que se modifican diversas normas regulamentarias en materia de seguridade industrial.</li> <li>▪ Real decreto 542/2020 do 26 de maio polo que se modifican e derrogan diferentes disposicións en materia de calidade e seguridade industrial.</li> <li>▪ Real decreto 809/2021 do 21 de setembro, polo que se aproba o regulamento de equipamentos de presión e as súas instrucións técnicas complementarias.</li> </ul>

\*Nota. As titulacións declaradas equivalentes están reguladas a través da:

- Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (disposición adicional trixésimo primeira)
- Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, modificada pola Orde EDU/520/2011, de 7 de marzo, pola que se establecen equivalencias cos títulos de Graduado en Educación Secundaria e de Bacharelato regulados na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación.

## Habilitacións profesionais

Especialidade	Requisitos para presentarse ao exame	Requisitos para o exercicio directo da actividade	Normativa que o regula
<p><b>Operador/a industrial de caldeiras</b></p> <p>Só para caldeiras da clase segunda, de vapor ou de auga sobrequecida, a que se fai referencia no artigo 3.2 da ITC EP1 do Real decreto 2060/2008, do 12 de decembro, polo que se aproba o regulamento de equipamentos de presión e as súas instrucións técnicas complementarias.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Estar en idade legal laboral ou ter cumprida a idade mínima que, de ser o caso, poida esixir a normativa sectorial correspondente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Dispor dun título universitario cuxo plan de estudos cubra os contidos mínimos que se indican no anexo II da instrución técnica complementaria "EP-1".</li> <li>▪ Dispor dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, cuxo ámbito competencial inclúa os contidos mínimos que se indican no anexo II da instrución técnica complementaria "EP-1".</li> <li>▪ Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral, de acordo co estipulado no Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, nas materias que se indican no anexo I da instrución técnica complementaria "EP-1".</li> <li>▪ Posuír unha certificación outorgada por entidade acreditada para a certificación de persoas, segundo o establecido no Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro, que inclúa como mínimo os contidos que se indican no anexo II da instrución técnica complementaria "EP-1".</li> <li>▪ A posesión dalgún dos requisitos anteriores permite o exercicio da actividade. Non é preciso solicitar ningunha certificación complementaria.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Real decreto 809/2021 do 21 de setembro, polo que se aproba o regulamento de equipamentos de presión e as súas instrucións técnicas complementarias.</li> </ul>
<p><b>Instalador/a de gas, categorías A, B e C</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Estar en idade legal laboral ou ter cumprida a idade mínima que, de ser o caso, poida esixir a normativa sectorial correspondente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Dispor dun título universitario cuxo plan de estudos cubra os contidos mínimos que se indican no anexo I da instrución técnica complementaria.</li> <li>▪ Dispor dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, cuxo ámbito competencias inclúa os contidos mínimos que se indican no anexo I da instrución técnica complementaria "ITC-ICG 09".</li> <li>▪ Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral, de acordo co estipulado no Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, nas materias que se indican no anexo I da instrución técnica complementaria "ITC-ICG 09".</li> <li>▪ Posuír unha certificación outorgada por entidade acreditada para a certificación de persoas, segundo o establecido no Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro, que inclúa como mínimo os contidos que se indican no anexo I da instrución técnica complementaria "ITC-ICG 09".</li> <li>▪ A posesión dalgún dos requisitos anteriores permite o exercicio da actividade. Non é preciso solicitar ningunha certificación complementaria.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Real decreto 919/2006, do 28 de xullo, polo que se aproba o regulamento técnico de distribución e utilización de combustibles gasoso se as súas instrucións técnicas complementarias ICG 01 a 11.</li> <li>▪ Real decreto 560/2010, do 7 de maio, polo que se modifican diversas normas regulamentarias en materia de seguridade industrial.</li> <li>▪ Resolución do 2 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa, pola que se actualiza a lista de normas da instrución técnica complementaria ITC-ICG 11 do Regulamento técnico de distribución e utilización de combustibles gasosos, aprobado polo Real decreto 919/2006, do 28 de xullo.</li> <li>▪ Real decreto 984/2015, do 30 de outubro, polo que se regula o mercado organizado de gas e o acceso de terceiros ás instalacións do sistema de gas natural.</li> <li>▪ Real decreto 542/2020 do 26 de maio polo que se modifican e derrogan diferentes disposicións en materia de calidade e seguridade industrial.</li> <li>▪ Real decreto 298/2021, do 27 de abril polo que se modifican diversas normas regulamentarias</li> </ul>



			<p>en materia de calidade e seguridade industrial.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Real decreto 145/2023, do 28 de febreiro, polo que se modifican diversas normas regulamentarias en materia de seguridade industrial para a súa adaptación ao principio de recoñecemento mutuo.</li> </ul>
<p><b>Instalador/a de produtos petrolíferos líquidos, categorías I e II, e reparador/a de produtos petrolíferos, categoría III</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Estar en idade legal laboral ou ter cumprida a idade mínima que, de ser o caso, poida esixir a normativa sectorial correspondente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Dispor dun título universitario cuxo plan de estudos cubra as materias obxecto do regulamento de instalacións petrolíferas, e da instrución técnica complementaria "MI-IP05".</li> <li>Dispor dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, cuxo ámbito competencias coincida coas materias obxecto do regulamento de instalacións petrolíferas, e da instrución técnica complementaria "MI-IP05".</li> <li>Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral, de acordo co estipulado no Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, nas materias obxecto do regulamento de instalacións petrolíferas, aprobado polo Real decreto 2085/1994, do 20 de outubro, e da instrución técnica complementaria "MI-IP05".</li> <li>Posuír unha certificación outorgada por entidade acreditada para a certificación de persoas, segundo o establecido no Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro, que inclúa como mínimo os contidos que se indican nos apéndices II, III ou IV, segundo corresponda, da instrución técnica complementaria "MI-IP05".</li> <li>A posesión dalgún dos requisitos anteriores permite o exercicio da actividade. Non é preciso solicitar ningunha certificación complementaria.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Real decreto 2085/1994, do 20 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de Instalacións Petrolíferas (consultar modificacións e correccións de erros).</li> <li>Real decreto 1427/1997, do 15 de setembro, polo que se aproba a Instrución Técnica Complementaria MI-IP 03 «instalacións de almacenamento para o seu consumo na propia instalación» (consultar modificacións e corrección de erros)</li> <li>Real decreto 560/2010, do 7 de maio, polo que se modifican diversas normas regulamentarias en materia de seguridade industrial (consultar modificacións e corrección de erros).</li> <li>Real decreto 365/2005, do 8 de abril, polo que se aproba a Instrución técnica complementaria MI-IP05 "Instaladores ou reparadores e empresas instaladoras ou reparadoras de produtos petrolíferos líquidos" (consultar modificacións).</li> <li>Real decreto 706/2017, do 7 de xullo, polo que se aproba a instrución técnica complementaria MI-IP 04 «Instalacións para subministración a vehículos» e se regulan determinados aspectos da regulamentación de instalacións petrolíferas.</li> <li>Real decreto 542/2020 do 26 de maio polo que se modifican e derrogan diferentes disposicións en materia de calidade e seguridade industrial.</li> <li>Real decreto 298/2021, do 27 de abril polo que se modifican diversas normas regulamentarias en materia de calidade e seguridade industrial.</li> <li>Real decreto 145/2023, do 28 de febreiro, polo que se modifican diversas normas regulamentarias en materia de seguridade industrial para a súa adaptación ao principio de recoñecemento mutuo.</li> </ul>

### Habilitacións profesionais: certificacións persoais para a manipulación de gases fluorados

Especialidade	Requisitos para presentarse ao exame	Requisitos para a obtención directa da certificación persoal	Normativa que o regula
<b>Manipulación de equipamentos con sistemas frigoríficos de calquera carga de refrixerantes fluorados.</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Estar en idade legal laboral ou ter cumprida a idade mínima que, de ser o caso, poida esixir a normativa sectorial correspondente.</li> <li>Superación dun curso de formación cos contidos do programa formativo 1 do anexo II do Real decreto 115/2017 <b>(non constitúe un requisito para presentarse ao exame pero si para obter a certificación)</b>.</li> <li>Experiencia laboral de polo menos 5 anos de actividade profesional, previos á solicitude do certificado, na montaxe e mantemento de equipamentos ou instalacións con sistemas frigoríficos de calquera carga en empresas autorizadas polo RSIF ou RITE .</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Carné profesional de instalador frigorista ou carné profesional de conservador-reparador frigorista previsto no Real decreto 3099/1977.</li> <li>Título de técnico superior en desenvolvemento de proxectos de instalacións térmicas e de fluídos establecido polo Real decreto 219/2008 (LOE).</li> <li>Título de técnico superior en mantemento de instalacións térmicas e de fluídos establecido polo Real decreto 220/2008 (LOE).</li> <li>Título de técnico en instalacións frigoríficas e de climatización establecido polo Real decreto 1793/2010 (LOE).</li> <li>Título de técnico en mantemento e control da maquinaria de buques e embarcacións establecido polo Real decreto 1072/2012 (LOE).</li> <li>Título de técnico superior en organización do mantemento de maquinaria de buques e embarcacións establecido polo <i>Real decreto 1075/2012</i> (LOE).</li> <li>Certificado de profesionalidade que cubra as competencias e coñecementos das cualificacións de montaxe e mantemento de instalacións frigoríficas ou montaxe e mantemento de instalacións de climatización, ventilación-extracción.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Real decreto 115/2017, do 17 de febreiro, polo que se regula a comercialización e manipulación de gases fluorados e equipamentos baseados nestes, así como a certificación dos profesionais que os utilizan e polo que se establecen os requisitos técnicos para as instalacións que desenvolvan actividades que emitan gases fluorados.</li> <li>Orde PRA/905/2017, do 21 de setembro, pola que se modifican os anexos I e II do Real decreto 115/2017, do 17 de febreiro, polo que se regula a comercialización e manipulación de gases fluorados e equipamentos baseados nestes, así como a certificación dos profesionais que os utilizan e polo que se establecen os requisitos técnicos para as instalacións que desenvolvan actividades que emitan gases fluorados.</li> </ul>
<b>Manipulación de equipamentos con sistemas frigoríficos de carga de refrixerante inferior a tres quilogramos de gases fluorados.</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Estar en idade legal laboral ou ter cumprida a idade mínima que, de ser o caso, poida esixir a normativa sectorial correspondente.</li> <li>Superación dun curso de formación cos contidos do programa formativo 3.A. do anexo II do Real decreto 115/2017 <b>(non constitúe un requisito para presentarse ao exame pero si para obter a certificación)</b>.</li> <li>Experiencia laboral de polo menos 5 anos de actividade profesional, previos á solicitude do certificado, en materia de instalacións de refrixeración e aire acondicionado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Carné profesional de instalacións térmicas de edificios previsto no Real Decreto 1027/2007.</li> <li>Carné profesional de instalador de climatización ou carné profesional de mantedor de climatización previsto no Real Decreto 1751/1998.</li> <li>Certificados de profesionalidade de frigorista establecido polo Real Decreto 942/1997.</li> <li>Certificados de profesionalidade de mantenedor de aire acondicionado e fluídos establecido polo Real Decreto 335/1997.</li> <li>Título de técnico en montaxe e mantemento de frío, climatización e produción de calor establecido polo Real Decreto 2046/1995 (LOGSE).</li> <li>Título de técnico superior en mantemento e montaxe de instalacións de edificio e proceso establecido polo Real Decreto 2044/1995 (LOGSE).</li> </ul>	



<p><b>Manipulación de equipamentos de transporte refrixerado de mercadorías de calquera carga de refrixerantes fluorados.</b></p>	<ul style="list-style-type: none"><li>■ Estar en idade legal laboral ou ter cumprida a idade mínima que, de ser o caso, poida esixir a normativa sectorial correspondente.</li><li>■ Superación dun curso de formación cos contidos do programa formativo 1 do Real decreto 115/2017 (non constitúe un requisito para presentarse ao exame pero si para obter a certificación).</li></ul>		
<p><b>Manipulación de equipamentos de transporte refrixerado de mercadorías que empreguen menos de tres quilogramos de refrixerantes fluorados</b></p>	<ul style="list-style-type: none"><li>■ Estar en idade legal laboral ou ter cumprida a idade mínima que, de ser o caso, poida esixir a normativa sectorial correspondente.</li><li>■ Superación dun curso de formación cos contidos do programa formativo 3.A. do Real decreto 115/2017 (non constitúe un requisito para presentarse ao exame pero si para obter a certificación).</li></ul>		

## 10 Estrutura dos exames

Especialidade	Contidos dos exames
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>Operador/a industrial de caldeiras.</b></li> <li>▪ <b>Carné profesional en instalacións térmicas de edificios.</b></li> <li>▪ <b>Instalador/a de gas, categorías A, B e C.</b></li> <li>▪ <b>Instalador/a de produtos petrolíferos líquidos, categorías I, II, e reparador/a de produtos petrolíferos, categoría III.</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>Parte teórica:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Resolución dun cuestionario tipo test proposto polo tribunal de cada especialidade. Poderá incluír cuestións sobre coñecementos tecnolóxicos e cálculos básicos no ámbito da competencia do carné profesional ou da habilitación profesional.</li> </ul> </li> <li>▪ <b>Parte práctica:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Poderá consistir nun suposto práctico escrito ou nunha proba real de manipulación, manobra ou operación, e versará sobre a resolución dun ou varios problemas ou no seguimento de instrucións contextualizadas, segundo determine o tribunal, en relación cos requisitos prácticos propios de cada especialidade.</li> <li>– No suposto práctico escrito, cumprirá que se desenvolva o conxunto ou secuencia de operacións ordenadas que dan lugar ao resultado final, ou a xustificación razoada da resposta se se require na cuestión algún argumento de reflexión, en caso contrario, non se puntuará o exercicio.</li> <li>– Nesta proba, o tribunal cualificador poderá permitir o uso do regulamento técnico ou de calquera material adicional que considere necesario para o desenvolvemento da proba. En calquera caso, poderase utilizar calculadora científica, excepto as que sexan programables, gráficas ou con capacidade para almacenar e transmitir datos.</li> </ul> </li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>Carné profesional de operador/a de guindastre móbil autopulsado, categorías A e B.</b></li> <li>▪ <b>Carné profesional de operador/a de guindastre torre.</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>Parte teórica:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Resolución dun cuestionario tipo test proposto polo tribunal sobre os contidos que se indican na Instrución Técnica Complementaria MIE-AEM-4 do Regulamento de aparellos de elevación e manutención, referente a guindastres móbiles autopulsados. Poderá incluír cuestións sobre coñecementos tecnolóxicos e cálculos básicos no ámbito da competencia da especialidade.</li> <li>– Será condición imprescindible ter superada esta primeira parte da proba para poder concorrer á segunda parte.</li> </ul> </li> <li>▪ <b>Parte práctica:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Consistirá nunha proba de demostración real de destreza na manobra e operación co guindastre baixo as instrucións e as indicacións especificadas polo tribunal. O tribunal publicará a relación de persoas seleccionadas para realizar a segunda parte da proba na páxina web <a href="http://www.edu.xunta.es/fp">http://www.edu.xunta.es/fp</a></li> </ul> </li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>Manipulación de equipamentos con sistemas frigoríficos de calquera carga de refrixerantes fluorados.</b></li> <li>▪ <b>Manipulación de equipamentos de transporte refrixerado de mercadorías de calquera carga de refrixerantes fluorados.</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>Parte teórica:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Resolución dun cuestionario tipo test proposto polo tribunal sobre os contidos do programa formativo 2 do anexo II do Real decreto 115/2017, do 17 de febreiro. Poderá incluír cuestións sobre coñecementos tecnolóxicos e cálculos básicos no ámbito da competencia da especialidade.</li> </ul> </li> <li>▪ <b>Parte práctica:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Poderá consistir nun suposto práctico escrito ou nunha proba real de manipulación, manobra ou operación, e versará sobre a resolución dun ou varios problemas ou no seguimento de instrucións contextualizadas, segundo determine o tribunal, en relación cos contidos prácticos do programa formativo 2 do anexo II do Real decreto 115/2017, do 17 de febreiro .</li> <li>– No suposto práctico escrito, cumprirá que se desenvolva o conxunto ou secuencia de operacións ordenadas que dan lugar ao resultado final, ou a xustificación razoada da resposta se se require na cuestión algún argumento de reflexión, en caso contrario, non se puntuará o exercicio.</li> <li>– Nesta proba, o tribunal cualificador poderá permitir o uso do regulamento técnico ou de calquera material adicional que considere necesario para o desenvolvemento da proba. En calquera caso, poderase utilizar calculadora científica, excepto as que sexan programables, gráficas ou con capacidade para almacenar e transmitir datos.</li> </ul> </li> </ul>



<ul style="list-style-type: none"><li>▪ <b>Manipulación de equipamentos con sistemas frigoríficos de carga de refrixerante inferior a tres quilogramos de gases fluorados.</b></li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Parte teórica:<ul style="list-style-type: none"><li>– Resolución dun cuestionario tipo test proposto polo tribunal sobre os contidos do programa formativo 3 B do anexo II do Real decreto 115/2017, do 17 de febreiro. Poderá incluír cuestións sobre coñecementos tecnolóxicos e cálculos básicos no ámbito da competencia da especialidade.</li></ul></li><li>▪ Parte práctica:<ul style="list-style-type: none"><li>– Poderá consistir nun suposto práctico escrito ou nunha proba real de manipulación, manobra ou operación, e versará sobre a resolución dun ou varios problemas ou no seguimento de instrucións contextualizadas, segundo determine o tribunal, en relación cos contidos prácticos do programa formativo 3 B do anexo II do Real decreto 115/2017, do 17 de febreiro .</li><li>– No suposto práctico escrito, cumprirá que se desenvolva o conxunto ou secuencia de operacións ordenadas que dan lugar ao resultado final, ou a xustificación razoada da resposta se se require na cuestión algún argumento de reflexión, en caso contrario, non se puntuará o exercicio.</li><li>– Nesta proba, o tribunal cualificador poderá permitir o uso do regulamento técnico ou de calquera material adicional que considere necesario para o desenvolvemento da proba. En calquera caso, poderase utilizar calculadora científica, excepto as que sexan programables, gráficas ou con capacidade para almacenar e transmitir datos.</li></ul></li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ <b>Manipulación de equipamentos de transporte refrixerado de mercadorías que empreguen menos de tres quilogramos de refrixerantes fluorados.</b></li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Parte teórica:<ul style="list-style-type: none"><li>– Resolución dun cuestionario tipo test proposto polo tribunal sobre os contidos do programa formativo 3 B do anexo II do Real decreto 115/2017, do 17 de febreiro, aplicables a aplicacións non fixas de vehículos de transporte refrixerado de mercadorías. Poderá incluír cuestións sobre coñecementos tecnolóxicos e cálculos básicos no ámbito da competencia da especialidade.</li></ul></li><li>▪ Parte práctica:<ul style="list-style-type: none"><li>– Poderá consistir nun suposto práctico escrito ou nunha proba real de manipulación, manobra ou operación, e versará sobre a resolución dun ou varios problemas ou no seguimento de instrucións contextualizadas, segundo determine o tribunal, en relación cos contidos prácticos do programa formativo 3 B do anexo II do Real decreto 115/2017, do 17 de febreiro, aplicables a aplicacións non fixas de vehículos de transporte refrixerado de mercadorías.</li><li>– No suposto práctico escrito, cumprirá que se desenvolva o conxunto ou secuencia de operacións ordenadas que dan lugar ao resultado final, ou a xustificación razoada da resposta se se require na cuestión algún argumento de reflexión, en caso contrario, non se puntuará o exercicio.</li><li>– Nesta proba, o tribunal cualificador poderá permitir o uso do regulamento técnico ou de calquera material adicional que considere necesario para o desenvolvemento da proba. En calquera caso, poderase utilizar calculadora científica, excepto as que sexan programables, gráficas ou con capacidade para almacenar e transmitir datos.</li></ul></li></ul>

## 11 Contidos dos exames

Especialidade	Contidos dos exames
<b>Operador/a industrial de caldeiras</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exame teórico-práctico sobre os contidos mínimos que se indican no anexo II da Instrución Técnica Complementaria ITC-EP-1 (Real decreto 809/2021 do 21 de setembro, polo que se aproba o regulamento de equipamentos de presión e as súas instrucións técnicas complementarias).</li> </ul>
<b>Carné profesional en instalacións térmicas de edificios</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exame teórico-práctico sobre os contidos do Regulamento de instalacións térmicas nos edificios (Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo e as súas modificacións e corrección de erros posteriores).</li> </ul>
<b>Instalador/a de gas, categorías A, B e C</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exame teórico-práctico sobre os contidos mínimos que se indican no anexo 1 da instrución técnica complementaria ITC-ICG 09. (Real decreto 919/2006, do 28 de xullo e as modificacións efectuadas polo Real decreto 560/2010, do 7 de maio; normas UNE actualizadas pola Resolución de 2 de xullo de 2015 da Dirección Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa).</li> </ul>
<b>Instalador/a de produtos petrolíferos líquidos, categorías I e II, e reparador/a de produtos petrolíferos, categoría III</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exame teórico-práctico sobre os contidos mínimos que se indican nos apéndice II, III ou IV, segundo corresponda, da Instrución Técnica Complementaria MI-IP05 (Real decreto 365/2005, do 8 de abril, e as modificacións efectuadas polo Real decreto 560/2010, do 7 de maio e Real decreto 706/2017, do 7 de xullo).</li> </ul>
<b>Carné profesional de operador/a de guindastre torre</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exame teórico-práctico sobre os contidos que se indican na Instrución Técnica Complementaria MIE-AEM-2 do Regulamento de aparellos de elevación e manutención, referente a guindastre torre, (Real decreto 836/2003, do 27 de xuño e as modificacións efectuadas polo Real decreto 560/2010, do 7 de maio e o Real decreto 542/2020 do 26 de maio polo que se modifican e derrogan diferentes disposicións en materia de calidade e seguridade industrial).</li> </ul>
<b>Carné profesional de operador/a de guindastre móbil autopropulsado, categorías A e B</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exame teórico-práctico sobre os contidos que se indican na Instrución Técnica Complementaria MIE-AEM-4 do Regulamento de aparellos de elevación e manutención, referente a guindastres móbiles autopropulsados (Real Decreto 837/2003, do 27 de xuño e as modificacións efectuadas polo Real decreto 560/2010, do 7 de maio, o Real decreto 542/2020 do 26 de maio polo que se modifican e derrogan diferentes disposicións en materia de calidade e seguridade industrial e o Real decreto 809/2021 do 21 de setembro, polo que se aproba o regulamento de equipamentos de presión e as súas instrucións técnicas complementarias).</li> </ul>
<b>Certificado persoal para a manipulación de equipamentos con sistemas frigoríficos de calquera carga de refrixerantes fluorados.</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exame teórico-práctico sobre os contidos do programa formativo 2 do anexo II do Real decreto 115/2017, do 17 de febreiro (BOE do 18 de febreiro de 2017).</li> </ul>
<b>Certificado persoal para a manipulación de equipamentos con sistemas frigoríficos de carga de refrixerante inferior a tres quilogramos de gases fluorados.</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exame teórico-práctico sobre os contidos do programa formativo 3. B. do anexo II do Real decreto 115/2017, do 17 de febreiro (BOE do 18 de febreiro de 2017).</li> </ul>
<b>Certificado persoal para a manipulación de equipamentos de transporte refrixerado de mercadorías de calquera carga de refrixerantes fluorados.</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exame teórico-práctico sobre os contidos do programa formativo 2 do anexo II do Real decreto 115/2017, do 17 de febreiro (BOE do 18 de febreiro de 2017).</li> </ul>
<b>Certificado persoal para a manipulación de equipamentos de transporte refrixerado de mercadorías que empreguen menos de tres quilogramos de refrixerantes fluorados.</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exame teórico-práctico sobre os contidos do programa formativo 3. B. do anexo II do Real decreto 115/2017, do 17 de febreiro (BOE do 18 de febreiro de 2017), aplicables a aplicacións non fixas de vehículos de transporte refrixerado de mercadorías.</li> </ul>

Nota: esta información pode sufrir variacións; aconsellamos que as persoas interesadas en presentarse ás probas de carnés e certificados de cualificacións verifiquen previamente as posibles modificacións.